

# ACTIVIDADES PARA TRABALLAR O CALENDARIO

## TIRA DO FÍO

### A partir de UNHA DAS MULLERES QUE APARECEN NO CALENDARIO

1. Planificamos o traballo de investigación e asignamos a cada grupo ou persoa unha responsabilidade.
2. Recollemos información:
  - 2.1. A través de Internet
  - 2.2. Preguntamos a algunha asociación cultural, de mulleres...
  - 2.3. Carteámonos coa persoa estudada...
3. Presentamos o estudo da vida desta muller segundo os apartados seguintes:
  - 3.1. Elaboramos un cartel publicitario onde aparezan:
    - o Nome e data. Biografía
    - o Slogan que resuma a súa traxectoria
    - o Ilustración simbólica e/ou fotografía
  - 3.2. Elaboramos un díptico informativo, (que se repartirá a cada grupo de clase), sobre a personalidade feminina en cuestión. Debe figurar:
    - ?? Resumo da vida desta persoa
    - ?? A opinión do grupo sobre ela
  - 3.3. Eliximos unha música de fondo para esta personaxe e anotamos:
    - ?? Nome da peza musical
    - ?? Autor/a
    - ?? Motivos polos que elixiron presentar esta biografía
  - 3.4. Colocamos o cartel no espazo reservado para ela
  - 3.5. O grupo clase deberá situarse no momento da súa vida que consideren máis interesante e contestar ás seguintes cuestións:
    - ?? Feitos históricos máis significativos
    - ?? Personaxes relevantes
    - ?? Movemento "Literario ou artístico" no que se encadra, se procede.
    - ?? Buscamos e seleccionamos un "texto literario" dela e, entre toda a clase, organizamos un certame literario onde se poidan ler e comentar os textos seleccionados.
    - ?? Visionamos, se procede, unha película sobre ela, respondendo ao seu cuestionario

### A partir de MIN MESMA/O

1. Que ocorreu o día que eu nacín?
2. Que mulleres naceron ou desenvolveron a súa actividade no meu territorio? Que eventos no meu país?
3. A cantas destas mulleres coñecía antes de ler a información neste calendario?
4. Que información me pareceu máis interesante?
5. Aparece esta información nos libros de texto?
6. Por que?